

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A presente programación didáctica desenvolve a materia de Educación en valores cívicos e éticos para o terceiro curso da Educación Secundaria Obligatoria (ESO), tendo como referencia legal o Decreto 156/2022, de 15 de setembro (DOGA 26 de setembro de 2022), polo que se establecen a ordenación e o curriculum da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa elaboración tivéronse en conta tanto as especificades da materia coma as características do noso centro, o Instituto de Ensino Secundario (IES) Isidro Parga Pondal, e do noso alumnado.

O IES Isidro Parga Pondal sitúase en Carballo, un dos municipios de maior tamaño (187 km²) e con maior poboación da provincia da Coruña. Conta con 31.000 habitantes agrupados en 314 entidades de poboación e 18 parroquias. O 60% dos habitantes do concello concéntranse no seu núcleo urbano, no que se ubica o propio centro.

No IES Isidro Parga Pondal impártense ESO e bacharelato, tanto en réxime ordinario como de adultos, xunto a un ciclo formativo de grao superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, así como formación aberta on line (Aula Mentor).

O alumnado que cursa a nosa materia está formado por un total de 96 estudantes, repartidos en catro grupos. Cabe sinalar que boa parte deste alumnado procede de zonas rurais, en moitos casos illadas. Dase tamén un número relevante de casos de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo: TDAH, TEA, altas capacidades, e mesmo un caso de Asperger e un alumno con discapacidade. Temos tamén un volume significativo de alumnos e alumnas en Programa de Diversificación Curricular. Toda esta diversidade tense en conta na nosa programación.

A educación en valores cívicos e éticos é un requisito imprescindible para o exercicio da cidadanía nunha sociedade democrática, así como para o desenvolvemento pleno da autonomía moral e a personalidade do alumnado. Estes dous propósitos están relacionados entre si, pois non é posíbel un exercicio activo e responsábel da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado en principios e valores. De acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, así como os valores que lle permitan tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecvente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna. Todo iso, co obxectivo de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

Educación en valores Cívicos e éticos é unha materia da área de Filosofía, e como tal ha de estar asentada na reflexión crítica e no diálogo. Non debe, polo tanto, confundirse con ningún tipo de "catecismo civil". A análise rigorosa de problemas dende una base conceptual, a reflexión, o cuestionamento dos prexuízos, a escoita aos demais, e a busca dialóxica de respostas sobre as cuestións éticas e políticas que se han de abordar constituirán a base do traballo nas aulas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Da liberdade á dignidade	Traballarase a noción de liberdade como trazo distintivo do ser humano, e relacionarase coa noción de kantiana de dignidade, como ferramenta básica para dispor dunha base sobre a que traballar a cuestión da moralidade e a fundamentación racional dos valores cívicos e éticos	17	6	X		
2	Carácter, emocións e personalidade	Abordarase a cuestión da construción da personalidade, relacionándoa coa a teoría aristotélica das virtudes, e investigando a relación entre emoción, razón e acción.	17	6	X		
3	A vida en sociedade	Coñeceremos que significa iso de que somos seres sociais, e como chegamos a selo, o que servirá da base para investigar cuestións clave para a convivencia, como son o dereito a igualdade e o dereito a diferenza. Neste contexto abordaremos tamén a cuestión do xénero.	17	6		X	
4	Quen manda aquí?	Distinguiremos entre ética e política e, polo tanto, aprenderemos a relación entre	17	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Quen manda aquí?	valores éticos e valores cívicos. Aprenderemos que é o Dereito, e cal é a fundamentación dos dereitos humanos.	17	6		X	
5	Democracia é votar?	Aprenderemos a distinguir as diferentes formas de organización política, profundando nos principios da democracia e dos valores constitucionais. Reflexionaremos tamén sobre as diferentes formas de violencia política, como a guerra ou o terrorismo.	17	6			X
6	Co permiso do Planeta	Reflexionaremos sobre a pertenza do ser humano á natureza, e a partir de aí desenvolveremos a noción de responsabilidade medioambiental e os dereitos humanos de terceira xeración. Tamén nos introduciremos nas nocións clave das éticas do coidado.	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Da liberdade á dignidade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Comprende os conceptos básicos relacionados coa sustancia moral do ser humano e a construción da personalidade, e é quen de expresar un concepto de si mesmo.	PE	60
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Demostra autonomía moral e usa conceptos éticos básicos en deliberacións e diálogo cos demais.		
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Comunica axeitadamente as súas ideas e emocións, demostrando comprensión e empatía cara aos demais.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Expresa de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, tendo en conta e respectando aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.

UD	Título da UD	Duración
2	Carácter, emocións e personalidade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Comprende os conceptos básicos relacionados coa sustancia moral do ser humano e a construción da personalidade, e é quen de expresar un concepto de si mesmo.	PE	60
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Demostra autonomía moral e usa conceptos éticos básicos en deliberacións e diálogo cos demais.		
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Comunica axeitadamente as súas ideas e emocións, demostrando comprensión e empatía cara aos demais.	TI	40
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Expresa de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, tendo en conta e respectando aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A vida en sociedade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Investiga sobre a natureza social e política do ser humano, manexando os conceptos de dignidade, dereitos humanos, Estado, lei e democracia.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece as nocións básicas e é quen de expresar unha posición propia, eticamente fundamentada sobre o valor dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, e as responsabilidades dos individuos fronte ao colectivo nunha sociedade democrática.	PE	60
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e comprende as nocións básicas en torno á noción de estado de dereito, e entende a organización e funcionamento das institucións políticas básicas, así como o sentido dos principais organismos internacionais.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Coñece o que é a sociedade civil e os movementos asociativos, e participa de forma respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas.	TI	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analiza cuestións éticas de actualidade e é quen de tomar posicións ao respecto a través do razonamento e o diálogo.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Toma consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, e mostra igualmente coñecemento da loita pola igualdade de colectivos que viven a súa sexualidade de forma diversa, recoñecendo a necesidade de respectalos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.

UD	Título da UD	Duración
4	Quen manda aquí?	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Investiga sobre a natureza social e política do ser humano, manexando os conceptos de dignidade, dereitos humanos, Estado, lei e democracia.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece as nocións básicas e é quen de expresar unha posición propia, eticamente fundamentada sobre o valor dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, e as responsabilidades dos individuos fronte ao colectivo nunha sociedade democrática.	PE	60
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e comprende as nocións básicas en torno á noción de estado de dereito, e entende a organización e funcionamento das institucións políticas básicas, así como o sentido dos principais organismos internacionais.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Coñece o que é a sociedade civil e os movementos asociativos, e participa de forma respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analiza cuestións éticas de actualidade e é quen de tomar posicións ao respecto a través do razonamento e o diálogo.	TI	40
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Toma consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, e mostra igualmente coñecemento da loita pola igualdade de colectivos que viven a súa sexualidade de forma diversa, recoñecendo a necesidade de respectalos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
5	Democracia é votar?	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Investiga sobre a natureza social e política do ser humano, manexando os conceptos de dignidade, dereitos humanos, Estado, lei e democracia.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece as nocións básicas e é quen de expresar unha posición propia, eticamente fundamentada sobre o valor dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, e as responsabilidades dos individuos fronte ao colectivo nunha sociedade democrática.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e comprende as nocións básicas en torno á noción de estado de dereito, e entende a organización e funcionamento das institucións políticas básicas, así como o sentido dos principais organismos internacionais.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Coñece o que é a sociedade civil e os movementos asociativos, e participa de forma respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analiza cuestións éticas de actualidade e é quen de tomar posicións ao respecto a través do razonamento e o diálogo.	TI	40
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Toma consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, e mostra igualmente coñecemento da loita pola igualdade de colectivos que viven a súa sexualidade de forma diversa, recoñecendo a necesidade de respectalos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado. - A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.

Contidos

- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
6	Co permiso do Planeta	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Aprecia as relacións de interdependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise de problemas ecosociais.	PE	60
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Identifica, analiza e expresa de maneira asertiva os propios sentimentos, recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Participa en exposicións e debates en torno aos aspectos científicos, políticos e éticos do impacto das actividades humanas no medio ambiente.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Participa axeitadamente en actividades coas que toma contacto coas nocións de desenvolvemento sustentábel, consumo responsable, comercio xusto e coidado e protección dos animais.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desenvolverase unha metodoloxía activa na que o alumno/a sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Asumindo a perspectiva da aprendizaxe significativa, partírase dos coñecementos, aptitudes e actitudes previas do alumno/a para a partir desta diagnose inicial bosquejar as liñas xerais que desenvolverán o curso e atender á diversidade de intereses, necesidades e capacidades presentes na aula. Tratarase de posibilitar que o alumno/a realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, -que aprenda a aprender.- Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e a análises de contidos. Cobrará gran importancia a capacidade de levar a teoría á práctica, con obxecto de buscar a funcionalidade das aprendizaxes.

Traballarase tamén a partir do ámbito emocional para que os alumnos reflexionen e falen deles mesmos, do seu grupo, das súas preocupacións, as súas dificultades, os seus puntos fortes, etc. Preténdese que se paren a identificar a súa realidade persoal e grupal e que lles axude a atopar pistas éticas que orienten esa vida grupal tan esencial para toda persoa e máis nesta etapa vital.

Utilizaranse estratexias expositivas e de indagación, cobrando as segundas unha especial relevancia:

- Estratexias expositivas: para a presentación dos temas, feitos e conceptos de modo que axuden ao alumnado a situarse claramente e a ter unha visión panorámica ou introdutoria a calquera tema do curso. Estas estratexias estarán acompañadas de exercicios ou actividades complementarias que axuden a assimilar o explicado.

- Estratexias de indagación e diálogo: nas que se enfrente ao alumno ou alumna con problemas nos que teña que utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes, garantindo así a súa adquisición. Trataráse de debates, investigacións simples de carácter individual ou en equipo, busca e selección de información de fontes diversas, etcétera.

A organización do traballo na aula estará presidida pola diversidade de actividades: tempos de explicación, tempos de traballo individual, tempos de traballo en pequenos grupos e tempos de posta en común en gran grupo.

Así mesmo, desenvolveranse actividades de comprensión, análise e síntese, autoavaliación, reforzo, ampliación e investigación. Con elas preténdese consolidar a aprendizaxe, promover a reflexión e facilitar a adaptación á diversidade do alumnado. Verbo das actividades de comprensión, fomentárase o uso de aqueles procedementos que propicien a estrutura da información, a realización de redaccións, o comentario de imaxes e viñetas, así como de fragmentos de películas ou curtametraxes, e iniciárase ao alumnado na composición filosófica, na que expoñerán as súas ideas mostrando as razóns en que se apoian.

Fomentárase os debates, a expresión das propias opinións, a capacidade de argumentar, a pluralidade de ideas e a tolerancia e respecto ás ideas e puntos de vista dos demais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais teóricos escritos
Fichas de exercicios
Pezas audiovisuais
Caderno do alumno/a

Empregaranse materiais escritos con contidos teóricos e fichas exercicios elaborados polos docentes. Na aula empregárase tamén pequenas pezas de audio e vídeo, que servirán para desenvolver debates e outras actividades grupais. Cada alumno e alumna traballará co seu caderno de Valores cívicos e éticos, no que irá quedando recollido todo o traballo que se faga ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxectivo coñecer o grao de adquisición das competencias clave que teñen maior vinculación coa materia: competencia en comunicación lingüística (CCL), competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), e competencia cidadá (CC). Para iso, dentro das tres primeiras sesións do curso realizarase unha proba na que o alumnado deberá ler un texto, responder a unha serie de preguntas sobre el e participar nun pequeno debate na aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso o alumnado terá tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

Dentro de cada unha das tres avaliacións parciais, as probas escritas e os traballos (que a efectos de ferramenta de avaliación tamén serán considerados probas escritas) terán unha ponderación do 60%. O caderno da materia e a participación na aula avaliaranse con táboas de indicadores e terán unha ponderación dun 20% cada un.

A todos os efectos considérase o 5 como aprobado. Dentro dunha mesma avaliación, o profesor pode facer a media entre as cualificacións obtidas coas diferentes ferramentas da avaliación a partir do 3,5, se o considera axeitado. No caso de decimais ao obter a media, o redondeo, por defecto, farase a partires das 7 décimas.

Rematadas as actividades da terceira avaliación, comunicarase ao alumnado a cualificación que obtivo ata ese momento no proceso de avaliación continua. Dita cualificación será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións. No cómputo serán tidas en conta as avaliacións recuperadas e, para obter a media, empregarase a nota mais alta obtida nunha proba.

Deste xeito, a cualificación da avaliación final obterase achando a media das tres avaliacións. $\text{Cualificación final} = (1.^{\text{a}} \text{aval} + 2.^{\text{a}} \text{aval} + 3.^{\text{a}} \text{aval}) / 3.$

Criterios de recuperación:

Para o caso dos alumnos/as que obtiveran menos de 5 puntos nalgunha das avaliacións parciais, o docente decidirá, tendo en conta os criterios de avaliación, se deben facer unha proba específica ou traballo de recuperación, ou se a superación da seguinte avaliación supón automaticamente superación da anterior.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non existe alumnado que teña a materia pendente. De cara a cursos futuros proporase como fórmula de seguimento e recuperación do alumnado con esta materia pendente a realización de exercicios de entrega trimestral.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderase en todo momento á diversidade de interese, capacidades, necesidades, motivacións do alumnado.

- En contidos: os alumnos e alumnas con dificultades de seguimento, deben ao menos alcanzar os que se consideran contidos mínimos na materia.

- Nas actividades: serán variadas e diversas, co fin de facer un seguimento de cada alumno e alumna e as súas posibilidades. Dende as de reforzo ás de ampliación.

- En metodoloxía: nas exposicións tratarase de incidir no máis destacado, facer repasos, etcétera. Así mesmo, traballarase con distintos tipos de agrupamento.

- Na avaliación: distintas cuestións nas probas escritas, e diversidade de mecanismos de recuperación.

En canto aos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), realizarase un especial seguimento da súa evolución, de cara a superar os criterios de avaliación. Ademais das estratexias antes sinaladas, a avaliación do alumnado con NEAE terá en conta as directrices establecidas desde o Departamento de Orientación.,

En concreto, cursa a materia algún caso de alumnado diagnosticado con Transtorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH). Con este alumnado, e de acordo ás directrices do Departamento de Orientación, seguiranse os seguintes criterios de actuación:

- Sentalos nas primeiras filas, cerca do profesor/a para poder supervisalos, ou ao carón dun compañeiro máis tranquilo que á vez os poida axudar.

- Dar instrucións unha a unha e de forma clara, asegurándonos de que escoitou e atendeu.

- Evitar o exceso de tarefas.

- Asegurarnos de que coñecen e entenden as normas da aula, facéndolles evidentes as consecuencias de eventuais condutas incorrectas.

- Nas explicacións na aula, procurarase realizar pausas periódicas para que teñan a oportunidade de procesar a información, facéndolles preguntas e dando unha retroalimentación inmediata as súas respostas. Ademais, o docente procurará manter o contacto visual e detectar posíbeis signos de incompreensión.

- Nos traballos e probas escritas, o profesorado asegurase de que comprenden ben as tarefas a realizar ou as preguntas a responder, e de que dispoñen do tempo preciso para realizalas. Se se considera necesario, as probas e traballos adaptaranse especificamente para este alumnado con TDAH, ou para alumnado con outras NEAE.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia, respecto e valores democráticos	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Esfuerzo e superación persoal	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Emprendemento social e empresarial			X	X	X	
ET.10 - Educación para a sustentabilidade						X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres	Desenvolvemento de actividades específicas	X		
Olimpiada de filosofía	Desenvolveranse actividades en torno á cuestión proposta na edición deste curso da olimpiada de filosofía, seleccionándose para o certame os traballos que o profesorado estime que alcancen un nivel de excelencia.		X	
Visita a xulgados	Participación no programa Educar en xustiza, promovido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e que inclúe unha saída para asistir a xuízos.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A temporalización das unidades didácticas é adecuada
Acadáronse os obxectivos didácticos
Traballáronse todos os contidos previstos
As actividades realizadas desenvolvéronse de forma satisfactoria
Os recursos didácticos foron efectivos
Empregaronse os criterios de avaliación segundo o previsto
Empregáronse as ferramentas de avaliación previstas
Cumplíronse os criterios de atención á diversidade
Traballouse dende una perspectiva multidisciplinar

Descrición:

O Departamento pretende promover a reflexión crítica e a autoavaliación do proceso do ensino e da práctica docente. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en reunión de Departamento traballarase cunha secuencia de indicadores de logro que nos permitan avaliar a efectividade do realizado na aula, detectar erros e desviacións

respecto ao programado e establecer estratexias de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O cumprimento da programación didáctica será obxecto de seguimento nas reunións do departamento, de acordo cos indicadores de logro deseñados para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Teranse en conta todas aquelas dificultades e incidencias que detecten os docentes, así como as conclusións das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Toda esa información recollerase na memoria final do curso, e permitirá elaborar unha proposta de mellora de cara ao próximo período lectivo.

9. Outros apartados